



XOGANDO NO NADAL 2018

Programa de conciliación no que se realizarán actividades lúdico - deportivas e culturais dirixidas ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil, toda Educación Primaria e 1º da ESO.

Datas: 1ª quenda : 24, 26, 27 e 28 de decembro de 2018

2ª quenda : 31 de decembro, 2, 3, 4 e 7 de xaneiro de 2019.

Os pais e nais poderán inscribir ao seu fillo/ a, nunha soa quenda ou nas dúas.

Lugar de realización: no CEIP Wenceslao Fdez. Flórez de Cambre.

Inscrición: do 12 - 23 de novembro de 2018 (ambos inclusive), en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre.

Documentación para a inscrición:

- **Solicitude** de inscrición (segundo modelo normalizado) a recoller en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou na páxina web municipal, acompañada de:
 - o Copia da última nómina (sen datos económicos), ou un informe da empresa no que conste que traballa actualmente, ou calquera outro documento que acredite que está traballando; no caso de autónomos o último recibo de pago ou outro documento que acredite que está traballando.
 - o Documentación acreditativa do núm. de conta bancaria onde se fará o cargo das actividades.
 - o No caso de solicitar algunha redución, a documentación acreditativa para xustificar a mesma.

De non presentar a documentación solicitada, non se valorará a solicitude co resto de solicitudes presentadas no prazo e pasará a estar a continuación do último valorado e por orde de rexistro de entrada no caso de haber máis na mesma situación.

Selección dos participantes:

Se hai máis solicitudes que prazas farase unha valoración de solicitudes tendo en conta os seguintes criterios:

- **Empadramento**, terán preferencia:
 - o en primeiro lugar os empadroados en Cambre.
 - o logo os traballadores no municipio de Cambre.
 - o por último os empadroados noutros municipios.
- **Situación laboral**, terán preferencia:
 - o En primeiro lugar: se os dous proxenitores traballan, no caso de ser monoparental se o seu proxenitor/a traballa, ou no caso de separación ou divorcio se traballa o proxenitor que ten ao seu cargo o/ a seu/ súa fillo/a;
 - o en segundo lugar: se un proxenitor traballa e o outro non; en terceiro e último lugar: cando non traballa ningún dos proxenitores.

Solicitudes presentadas fóra do prazo: A orde das solicitudes presentadas fora de prazo virá determinada segundo a data de inscrición.

Listado admitidos: Os pais, nais ou titores deberán chamar ao Concello de Cambre (Concellería de Educación: 981 613 291) para saber se o seu neno ou nena está admitido no programa a partir do día 17 de decembro de 2018 ou mirar na páxina web municipal. Se non houbera que facer valoración, publicarase a relación de solicitantes admitidos a partir do 30 de novembro de 2018.

Baixas: As baixas solicitaranse por escrito ante o rexistro de entrada municipal, ou ben por correo electrónico na dirección: educacion@cambre.org, os días 18 e 19 de decembro de 2018. Logo destas datas e antes do comezo do programa non se admitirán baixas (só por causas de forza maior e debidamente xustificadas), polo que procederase igualmente ao cobro da actividade.

Módulos, horarios e prazas:

MÓDULOS	HORARIO	PRAZAS	
		Min.	Máx.
Mañanceiro (con/sen almorzo)	7:30 a 9:30	10 (para o almorzo 10)	70
Actividades	9:30 a 13:30	20	70
Comida	13:30 a 16:30	25	70
Transporte	Segundo táboa	10	70

O almorzo servirase ata as 9:15 h. Para que se dean os distintos módulos deberá haber o número mínimo de solicitudes establecido e se non houberse o servizo de comida, por non haber o número mínimo de solicitudes establecido, as actividades rematarían ás 14:30 h e o bus saíría a esa hora do colexio. O importe das tarifas estableceríanse de acordo a estes novos horarios.

Modalidades e tarifas:

MODALIDADE	TARIFA/ QUENDA	
	1ª QUENDA (4 días)	2ª QUENDA (5 días)
Mañanceiro (con/sen almorzo) e actividades	24 euros	30 euros
Mañanceiro (con/sen almorzo), actividades e comida	52 euros	65 euros
Actividades e comida	44 euros	55 euros
Só actividades	16 euros	20 euros

A modalidade elixida non poderá variar ao longo da quenda.

As reducións son as seguintes:

20% carné xove ou carné da omix

30% se ambos proxenitores ou o titor do participante acrediten figurar no rexistro do paro

30% voluntariado de Cambre

50% cando se inscriba máis dun irmán da mesma unidade familiar

50% familia numerosa

100% informe dos Servicios Sociais de Cambre

As reducións só serán de aplicación aos empadroados en Cambre, excepto carné xove ou voluntariado de Cambre.

Para aplicar ditas reducións deberán presentar os documentos que as acrediten xunto coa solicitude.

Transporte:

PARADA	Horario de ida	Horario de volta
CEIP GRAXAL	8:45	17:15
CEIP PORTOFARO (á volta na parada de bus de enfrente).	8:55	17:05
Urb. A Barcala	9:00	17:00
CEIP BREXO - LEMA	9:10	16:50
CEIP SIGRÁS	9:20	16:40
CEIP WENCESLAO FDEZ. FLÓREZ	9:25	16:30